

**BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CELEBRADA O DÍA 11 DE XULLO DE 2008.**

Na Casa do Concello de Silleda, sendo as **DEZ HORAS E DEZ MINUTOS** do día **ONCE DE XULLO DE DOUS MIL OITO**, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa **D<sup>a</sup>. PAULA FERNANDEZ PENA**, reúnese a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria, de primeira convocatoria, coa asistencia da señora tenente de Alcalde **DONA MARIA DOLORES GARCIA TROITIÑO** e o concelleiro **D<sup>o</sup> GERARDO LAZARA MOREDA** e da Secretaria da Corporación **DONA BERTA ALONSO SOTO**.

Non asiste: **DON MANUEL CUIÑA FERNANDEZ**

A Sra. Alcaldesa declara aberta a sesión que se desenvolve conforme á Orde do Día seguinte:

**1º.- ACTAS ANTERIORES.-**

**2º.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.-**

**3º.- CONTRATACIÓN.-**

**4º.- SUBVENCIONS.-**

**5º.- URBANISMO.-**

**ROGOS E PREGUNTAS.-**

**1º.- ACTAS ANTERIORES.-**

Non hai asuntos que tratar.

**2º.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.-**

**2.1.-** Escrito da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural - Consellería de Cultura e Deporte, Rexistro de Entrada nº 5349, de data 07 de xullo de 2008, informando da publicación no DOGA nº 118 de 19 de xuño da orde da mencionada Consellería pola que se procede á convocatoria do premio ás actividades produtivas no medio rural pola súa contribución á conservación, recuperación e posta en valor do territorio histórico dos Camiños de Santiago para o ano 2008.

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito.

**2.2.-** Escrito de D<sup>a</sup> Mercedes López Troitiño, Rexistro de Entrada nº 3585, de data 08 de xullo de 2008, poñendo en coñecemento da Alcaldía atestado do posto da Garda Civil de Silleda (Dilixencia nº 2008-004661-000275) correspondente a denuncia de fuga de purín para a súa propiedade, sita no lugar de O Coto, parroquia de O Castro (Silleda).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda dar traslado deste escrito á Policía Local para seu informe e poder determinar si procede iniciar expediente de reposición da legalidade.

**2.3.-** Escrito da Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural - Consellería de Cultura e Deporte, Rexistro de Entrada nº 3301, de data 24 de xuño de 2008, comunicando o plan de mellora das axencias de lectura/bibliotecas municipais durante o ano 2008.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda quedar enterada deste escrito e remitir o mesmo a encargada da Biblioteca Municipal.

**2.4.-** Escrito da Dirección Xeral de Turismo - Consellería de Innovación e Industria, Rexistro de Entrada nº 3628, de data 09 de xullo de 2008, comunicando que o día 2 de xuño tivo lugar a reunión da Comisión de Valoración de Festas de Galicia de intereses turístico ao abeiro do Decreto 39/2001, do 1 de febreiro (DOG nº 36 de 20 de febreiro de 2001), non aprobando a solicitude presentada por este Concello para declarar festa de interese turístico a “Festa da Tortilla de Laro”.

A Xunta de Goberno Local acorda quedar enterada e manifestar o seu total desacordo coa resolución dictada, así como presentar alegacións á resolución no prazo sinalado na mesma.

**2.5.-** Escrito da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural - Consellería de Cultura e Deporte, Rexistro de Entrada nº 3642, de data 10 de xullo de 2008, remitindo resolución do director xeral de Patrimonio Cultural pola que se autoriza ó arqueólogo D<sup>o</sup> Andrés Teira Brión para a realización das sondaxes arqueolóxicas valorativas no novo trazado da estrada Campomarzo-Abades no entorno da mámoa 2 de Chousa Nova (LAV Ourense-Santiago. Subtreito: Silleda (Carboeiro)-Silleda (Dornelas).

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito.

**2.6.-** Escrito da Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental-Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, Rexistro de Entrada nº 3649, de data 10 de xullo de 2008, remitindo información para levar a cabo a campaña informativa complementaria 2008 dentro do convenio marco Xunta de Galicia-Ecoembes.

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito e dar traslado do mesmo o Concelleiro de Medio Ambiente.

### **3º.- CONTRATACIÓN.-**

**3.1.-** Dase conta do escrito remitido polo Servizo de Formación e Colocación - Delegación Provincial da Consellería de Traballo, Rexistro de Entrada nº 3589, de data 08 de xullo de 2008, remitindo resolución de data 25 de xuño de 2008, na que se sinala que vista a solicitude de cursos de formación ocupacional presentada por esta entidade o abeiro da Orde do 3 de decembro de 2007, publicada no DOG do 10 de decembro de 2007, pola que se establece a convocatoria pública para a programación de cursos do Plan FIP, cofinanciados polo F.S.E. (80%), correspondente ao exercicio 2008, resólvese a concesión do curso de formación ocupacional denominado “Coidador-Acompañante de Autobús”, Curso:2008/4845, expediente FIP 2008/000225-5, ascendendo o módulo A a cantidade de 9.450,00 □□□

Considerando que a adopción deste acordo é competencia da Xunta de Goberno Local, por delegación efectuada polo Alcaldesa, mediante Decreto de 06 de Xullo de 2007.

Esta Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Adxudicar a Centro de Orientación de Estudos Comerciales S.L. (COESCO), con C.I.F. nº B-36043073 e domicilio social na rúa San Pelayo, nº 21 de A Estrada, o contrato do servizo para impartir o curso do Plan FIP denominado “Coidador-Acompañante de Autobús”.

Segundo.- Establecer como precio do contrato a cantidade de 9.450,00 □□□, IVA incluído.

Terceiro.- Notificar este acordo á Intervención Municipal e ó adxudicatario, o cal deberá presentar un aval que ascenderá o 5% do importe da adxudicación.

Cuarto.- Facultar á Sra. Alcaldesa, na amplitude precisa, para a sinatura do contrato en documento administrativo, que poderá ser elevado a escritura pública se así o solicita o adxudicatario, sendo o seu custo os gastos derivados do seu otorgamento

### **3.2. Contrato de Servizos para impartir as accións de Formación Profesional Ocupacional do curso denominado “INSTALADOR DE SISTEMAS DE ENERXÍA SOLAR” (Módulo A) (Plan F.I.P.)**

Visto que en data 17 de xuño de 2.008 a Xunta de Goberno Local acordou dispoñer a apertura do procedemento negociado sen publicidade de adxudicación do contrato do servizo para impartir as accións de Formación Profesional Ocupacional do curso denominado “Instalador de Sistemas de Enerxía Solar” (Módulo A).

Visto que pola Xunta de Goberno Local, en sesión do 26 de xuño de 2008, aprobáronse os pregos de cláusulas administrativas particulares e dispúxose a apertura do procedemento negociado de adxudicación, solicitando ofertas alomenos a tres empresas capacitadas para á realización do obxecto do contrato de conformidade co artigo 153.1 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

Visto que remitidas solicitudes de ofertas a Forga, Autoescuela Deza, S.L. e Cefodeza, S.L., únicamente se presentou a de Forga, en data 08 de xullo de 2.008.

Considerando que a adopción deste acordo é competencia da Xunta de Goberno Local, por delegación efectuada polo Alcaldesa, mediante Decreto de 06 de Xullo de 2007.

Esta Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Adxudicar a Fundación para a Orientación profesional, a Investigación e o Desenvolvemento Tecnolóxico (FORGA), con C.I.F. nº G-36818367 e domicilio social na rúa Avda. Aeroporto, 92-1º Andar (Vigo), o contrato do servizo para impartir as accións de Formación Profesional Ocupacional do curso denominado “Instalador de Sistemas de Enerxía Solar” (Módulo A), con estricta suxección ó Prego de Cláusulas Administrativas Particulares aprobado por esta Xunta de Goberno Local en data 26 de xuño de 2008

Segundo.- Establecer como precio do contrato a cantidade de 19.305,00 €€, IVA incluído.

Terceiro.- Formalizar este contrato en documento administrativo, de conformidade co previsto no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares.

Cuarto.- Notificar este acordo á Intervención Municipal e ó adxudicatario.

Quinto.- Facultar á Sra. Alcaldesa, na amplitude precisa, para a sinatura do contrato en documento administrativo, que poderá ser elevado a escritura pública se así o solicita o adxudicatario, sendo o seu custo os gastos derivados do seu otorgamento

**3.3.-** Dase conta das bases de selección para contratación temporal, a través da modalidade contractual de servizo determinado, dun peón palista para o departamento de Obras e Servizos do Concello de Silleda, a través da modalidade contractual de servizo determinado, a tempo completo, sendo a duración do contrato de un ano

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

1.- Aprobar as bases reguladoras da convocatoria de selección para la contratación temporal dun peón palista para o departamento de Obras e Servizos do Concello de Silleda, a través da modalidade contractual de servizo determinado, a tempo completo nos termos en que figuran no expediente.

2.- Publicar nun dos diarios de maior circulación da comarca anuncio para coñecemento xeral da convocatoria, sendo a data deste anuncio a que servirá para o cómputo do prazo de presentación de instancias.

**3.4.-** Dada a necesidade deste Concello de contratar o servizo de actividades deportivas do Concello de Silleda, coo obxecto de mellorar a oferta deportiva de ocio e tempo libre, mellorando asimismo o acceso ás mesmas por parte da cidadanía e promovendo unha oferta de actividades atractiva, diversa e diferenciada.

Visto que o prezo do contrato non superará a contía establecida no artigo 158 e) da Ley

30/2007, de 30 de outubro, de Contratos del Sector Público.

Dadas as características do servizo parece que o procedemento máis adecuado é o procedemento negociado sen publicidade, por todo elo,

**PRIMEIRO.** Iniciar o procedemento de adxudicación do contrato do servizo actividades deportivas do Concello de Silleda por procedemento negociado sen publicidade.

**SEGUNDO.** Que por Secretaría se emita informe sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir.

**TERCEIRO.** Que se redacten os correspondentes Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas que han de rexer o Contrato e o proceso de adxudicación.

**CUARTO.** Que polo Interventor se faga a retención de crédito que acredite que existe crédito suficiente e adecuado para financiar o gasto que comporta a celebración deste contrato e que emita informe sobre a fiscalización previa ou crítica do gasto.

#### **4º.- SUBVENCIONS.-**

**4.1.-** Dase conta da Orde do 19 de decembro de 2007 pola que se establecen as bases que regulan, para o exercicio do ano 2008, as axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación, no ámbito e colaboración coas entidades locais e cos órganos e organismos das administracións públicas distintas da local, universidades e entidades sen ánimo de lucro, e se procede á súa convocatoria e da Orde do 5 de xuño de 2008 pola que se amplían os créditos e os prazos para a presentación de solicitudes de determinados programas de políticas activas de emprego que se financiarán e se executarán con cargo ao orzamento do ano 2008, ao abeiro do I Plan integral de emprego de Galicia.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Solicitar á Consellería de Traballo, ó abeiro das citadas ordes, unha subvención por importe de cento vintecinco mil setecentos seesenta e tres euros con oitenta e catro céntimos (125.763,84 €) para a contratación do equipo denominado Mellora en Servizos Xerais de Infraestructuras Existentes (PIEG 2008)

**4.2.-** Dase conta da Orde do 19 de decembro de 2007 pola que se establecen as bases que regulan, para o exercicio do ano 2008, as axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación, no ámbito e colaboración coas entidades locais e cos órganos e organismos das administracións públicas distintas da local, universidades e entidades sen ánimo de lucro, e se procede á súa convocatoria e da Orde do 5 de xuño de 2008 pola que se amplían os créditos e os prazos para a presentación de solicitudes de determinados programas de políticas activas de emprego que se financiarán e se executarán con cargo ao orzamento do ano 2008, ao abeiro do I Plan integral de emprego

de Galicia.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Solicitar á Consellería de Traballo, ó abeiro das citadas ordes, unha subvención por importe de vinteoito mil cento vintecatros euros con oitenta e dous céntimos (28.124,82 €) para a contratación do equipo denominado “Reparación e pintado de mobiliario urbano e locais sociais do rural (PIEG 2008)”

**4.3.-** Dase conta da Orde do 19 de decembro de 2007 pola que se establecen as bases que regulan, para o exercicio do ano 2008, as axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación, no ámbito e colaboración coas entidades locais e cos órganos e organismos das administracións públicas distintas da local, universidades e entidades sen ánimo de lucro, e se procede á súa convocatoria e da Orde do 5 de xuño de 2008 pola que se amplían os créditos e os prazos para a presentación de solicitudes de determinados programas de políticas activas de emprego que se financiarán e se executarán con cargo ao orzamento do ano 2008, ao abeiro do I Plan integral de emprego de Galicia.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Solicitar á Consellería de Traballo, ó abeiro das citadas ordes, unha subvención por importe de trinta e seis mil setecentos noventa euros con cincuenta e seis céntimos (36.79,56 €) para a contratación do equipo denominado “Limpeza de vertedoiros incontrolados” (PIEG 2008)

**4.4.-** Dase conta da Orde da Consellería de Traballo do 21 de decembro de 2.007 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os programas de escolas obradoiro e casas de oficios, de obradoiros de emprego e de unidades de promoción e desenvolvemento no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2.008.

Visto o proxecto denominado “Obradoiro de emprego Ponte da Pedra I”, elaborado pola Unidade de Promoción e Desenvolvemento da mancomunidade da Area Intermunicipal de Vigo, en xuño de 2.007.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

**1.-** Aprobar o proxecto denominado “Obradoiro de emprego Ponte da Pedra I”, elaborado pola Unidade de Promoción e Desenvolvemento da mancomunidade da Area Intermunicipal de Vigo, en xuño de 2.007.

**2.-** Solicitar á Consellería de Traballo, ó abeiro da Orde do 21 de decembro de 2.007 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os programas de escolas obradoiro e casas de oficios, de obradoiros de emprego e de unidades de promoción e desenvolvemento no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2.008, unha subvención por importe de oitocentos vinte seis mil

vinte euros (826.020,00 €)

**4.5.-** Dase conta do expediente confeccionado en relación á Orde do 6 de xuño de 2008, da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible (DOGA nº 115, de data 16.06.08), pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a programas de accións de concellos incluídos na Rede Natura 2000.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade acorda solicitar a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible unha subvención de 10.000,00 € con destino a actuación “Sinalización e Conservación do Sendeiro Fervenza do Toxa-Carboeiro”, así como aceptar os demais termos da Orde do 06 de xuño de 2008 da mencionada Consellería.

**4.6.-** Dase conta do expediente confeccionado en relación á Orde do 6 de xuño de 2008, da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible (DOGA nº 115, de data 16.06.08), pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a programas de accións de concellos incluídos na Rede Natura 2000.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade acorda solicitar a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible unha subvención de 14.810,00 € con destino a actuación “Programa de Divulgación e Concienciación sobre a Rede Natura 2000 en Silleda”, así como aceptar os demais termos da Orde do 06 de xuño de 2008 da mencionada Consellería.

## **5º.- URBANISMO.-**

### **5.1.- Actividades Clasificadas**

**5.1.1.-** Licencia Nº 1381/08. Visto o expediente instruído a instancia de Dº José Manuel Blanco Crespo, en representación de MAPFRE AUTOMOVILES, S.A., solicitando Licencia de actividade para apertura de local para dedicalo a oficina de seguros, a situar na rúa Santa Eulalia, esquina rúa María Colmeiro (Silleda).

**RESULTANDO:** Que admitido a trámite, procedeuse a realizar información pública co resultado que consta, incorporando os preceptivos informes técnicos e da Corporación Municipal

**RESULTANDO:** Que elevado á Comisión Provincial de Medio Ambiente, este Organismo, con data 13 de xuño de 2008, (Rexistro de Entrada nº 3377, de data 27 de xuño de 2008) informa en sentido favorable, calificando dita actividade como Molesta SCD e dende o punto de vista ambiental, condiciónase a súa instalación ó cumprimento dos seguintes requisitos:

- a) O cumprimento das Medidas Correctoras propostas en planos e memoria.
- b) A que o emprazamento sexa o sinalado no proxecto.
- c) Ó cumprimento das distancias mínimas segundo proxecto.
- d) Cumprirá o disposto na normativa vixente en materia de contaminación acústica, e

en particular a ordenanza de ruidos do Concello de Silleda. Os equipos/dispositivos de ventilación/climatización estarán dotados de illamento acústico e elementos antivibratorios, contarán con sistemas de ralentización da velocidade de saída do aire e situaranse lonxe de ocos e/ou ventás de vivendas próximas.

**RESULTANDO:** Que o lugar de emprazamento non está en contradición coas Ordenanzas e acordos municipais sobre o particular.

**CONSIDERANDO:** Que na tramitación deste expediente observáronse as prescricións legais.

Esta Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda a concesión da **licencia de obra solicitada, e a licencia provisional de actividade**, **CONDICIONADA** esta última ó cumprimento das observacións e medidas correctoras que, no seu informe, sinala a Comisión Provincial de Medio Ambiente, non podendo comenazar a exercerse a mencionada actividade ata tanto non se conceda a licencia definitiva de actividade, para o que será indispensable que se teña levantado acta de comprobación, que o interesado deberá solicitar a este Concello, a cal terá que ser favorable, achegando á petición certificado do técnico director das obras ou instalacións no que se especifique a conformidade das mesmas cos términos desta licencia; debendo ingresarse, previamente, nas arcas municipais a cantidade a que ascendan as taxas regulamentarias, según liquidación que practicará a Intervención municipal.

**5.1.2.-** Licencia Nº 2468/07. Visto o expediente instruído a instancia de D<sup>a</sup> MARIA JESÚS SILVA ALÉN, solicitando Licencia de actividade para apertura de local para dedicalo a óptica, a situar na rúa Xeral Franco, nº 61 (Silleda).

**RESULTANDO:** Que admitido a trámite, procedeuse a realizar información pública co resultado que consta, incorporando os preceptivos informes técnicos e da Corporación Municipal

**RESULTANDO:** Que elevado á Comisión Provincial de Medio Ambiente, este Organismo, con data 19 de outubro de 2007, (Rexistro de Entrada nº 7008, de data 29 de outubro de 2008) informa en sentido favorable, calificando dita actividade como Molesta SCD e dende o punto de vista ambiental, condiciónase a súa instalación ó cumprimento dos seguintes requisitos:

- a) O cumprimento das Medidas Correctoras propostas en planos e memoria.
- b) A que o emprazamento sexa o sinalado no proxecto.
- c) Ó cumprimento das distancias mínimas segundo proxecto.

**RESULTANDO:** Que o lugar de emprazamento non está en contradición coas Ordenanzas e acordos municipais sobre o particular.

**CONSIDERANDO:** Que na tramitación deste expediente observáronse as prescricións legais.

Esta Xunta de Goberno Local, coa abstención da Presidenta segundo artigo 76 da Lei



de Bases de Réximen Local, por unanimidade, acorda a concesión da **licencia de obra solicitada, e a licencia provisional de actividade**, CONDICIONADA esta última ó cumprimento das observacións e medidas correctoras que, no seu informe, sinala a Comisión Provincial de Medio Ambiente, non podendo comenazar a mencionada actividade ata tanto non se conceda a licencia definitiva de actividade, para o que será indispensable que se teña levantado acta de comprobación, que o interesado deberá solicitar a este Concello, a cal terá que ser favorable, achegando á petición certificado do técnico director das obras ou instalacións no que se especifique a conformidade das mesmas cos términos desta licencia; debendo ingresarse, previamente, nas arcas municipais a cantidade a que ascendan as taxas regulamentarias, según liquidación que practicará a Intervención municipal.

**5.1.3.-** Examinado o expediente promovido por FERRALLAS DEL ATLÁNTICO, S.A., en virtude de instancia nº 1334 e 3579 de data 17 de marzo e 7 de xullo de 2008 respectivamente, solicitando Licencia de actividade correspondente a instalación de taller de ferralla en nave existente, a situar na parcela nº 7 da mazá nº 5 do Parque Empresarial Área 33 (Silleda), segundo proxecto do Arquitecto Técnico Dº José Pérez Sánchez, visado polo Colexio Oficial en data 13 de marzo de 2008, actividade comprendida no Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas y Peligrosas, aprobado polo Decreto 2414/1961, de 30 de Novembro.

RESULTANDO: Que o proxecto técnico e demais documentación foron admitidos a trámite.

RESULTANDO: Que cumpríndose os trámites de información pública, constando no expediente notificacións persoais, anuncio no Taboleiro de Edictos do Concello, publicación no B.O.P., non existindo alegacións, e incorporando o informe do Asesor Técnico Municipal congruente ca natureza da actividade, de data 09 de xullo de 2008.

CONSIDERANDO: Que o proxecto técnico reúne os requisitos esixidos e que a memoria describe, en extensión e detalle, as características da actividade, súa posible repercusión sobre a sanidade ambiental e as medidas correctoras necesarias para garantir a tranquilidade, salubridade e seguridade cidadán e súa adecuación o medio ambiente.

CONSIDERANDO: Que no emplazamento proposto é conforme co uso urbanístico asignado para a zona non está en contradicción co disposto nos acordos e Ordenanzas municipais sobre a materia, respétanse as distancias previstas e non existe actividade municipalizada con monopolio que resulte incompatible.

Vistos, o Decreto 2414/61, de 30 de Novembro, e demais Disposicións concordantes de aplicación.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

1º.- Informar favorablemente a concesión da Licencia Municipal Nº 1334/08 instada por FERRALLAS DEL ATLÁNTICO, S.A., para instalación de taller de ferralla en nave existente, a situar na parcela nº 7 da mazá nº 5 do Parque Empresarial Área 33 (Silleda), condicionado a presentación antes do inicio das obras do oficio de dirección técnica, asinado

por técnico competente e visado polo colexio profesional correspondente.

2º.- Remiti-lo expediente completo á Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible (Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental), para que emita informe previo á concesión da correspondente licencia.

**5.1.4.-** Examinado o expediente promovido por SOMETAL, S.L., en virtude de instancia nº 2956 de data 14 de xullo 2006, solicitando Licencia de actividade correspondente a construción dunha nave para dedicala a almacén de ferros, a situar na parcela nº 10 da mazá nº 3 - Marxe B do Parque Empresarial Área 33 (Silleda), segundo proxecto do Enxeñeiro Técnico Industrial Dº Juan José González Sánchez, visado polo Colexio Oficial en data 13 de xullo de 2006, ref. 332106, actividade comprendida no Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas y Peligrosas, aprobado polo Decreto 2414/1961, de 30 de Novembro.

**RESULTANDO:** Que o proxecto técnico e demais documentación foron admitidos a trámite.

**RESULTANDO:** Que cumpríndose os trámites de información pública, constando no expediente notificacións persoais, anuncio no Taboleiro de Edictos do Concello, publicación no B.O.P., non existindo alegacións, e incorporando o informe do Asesor Técnico Municipal congruente ca natureza da actividade, de data 14 de xaneiro de 2008.

**CONSIDERANDO:** Que o proxecto técnico reúne os requisitos esixidos e que a memoria describe, en extensión e detalle, as características da actividade, a súa posible repercusión sobre a sanidade ambiental e as medidas correctoras necesarias para garantir a tranquilidade, salubridade e seguridade cidadán e a súa adecuación o medio ambiente.

**CONSIDERANDO:** Que no emplazamento proposto é conforme co uso urbanístico asignado para a zona non está en contradición co disposto nos acordos e Ordenanzas municipais sobre a materia, respétanse as distancias previstas e non existe actividade municipalizada con monopolio que resulte incompatible.

Vistos, o Decreto 2414/61, de 30 de Novembro, e demais Disposicións concordantes de aplicación.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

1º.- Informar favorablemente a concesión da Licencia Municipal Nº 2956/06 instada por SOMETAL, S.L., para construción dunha nave para dedicala a almacén de ferros, a situar na parcela nº 10 da mazá nº 3 - Marxe B do Parque Empresarial Área 33 (Silleda), condicionado a presentación do oficio de dirección técnica, asinado por técnico competente e visado polo colexio profesional correspondente.

2º.- Remiti-lo expediente completo á Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible (Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental), para que emita informe previo á concesión da correspondente licencia.

**5.1.5.-** Examinado o expediente promovido por Dº MANUEL GONZÁLEZ IGLESIAS, en virtude de instancia nº 823 de data 18 de febreiro 2008, solicitando Licencia de actividade correspondente a acondicionamento e apertura de local para dedicalo a servicios financeiros, a situar na Avda. do Parque, nº 1 (Silleda), segundo proxecto do Arquitecto Técnico Dº José Pereiras Sánchez, visado polo Colexio Oficial en data 15 de febreiro de 2008, actividade comprendida no Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas y Peligrosas, aprobado polo Decreto 2414/1961, de 30 de Novembro.

**RESULTANDO:** Que o proxecto técnico e demais documentación foron admitidos a trámite.

**RESULTANDO:** Que cumpríndose os trámites de información pública, constando no expediente notificacións persoais, anuncio no Taboleiro de Edictos do Concello, publicación no B.O.P., non existindo alegacións, e incorporando o informe do Asesor Técnico Municipal congruente ca natureza da actividade, de data 08 de abril de 2008.

**CONSIDERANDO:** Que o proxecto técnico reúne os requisitos esixidos e que a memoria describe, en extensión e detalle, as características da actividade, súa posible repercusión sobre a sanidade ambiental e as medidas correctoras necesarias para garantir a tranquilidade, salubridade e seguridade cidadán e súa adecuación o medio ambiente.

**CONSIDERANDO:** Que no emplazamento proposto é conforme co uso urbanístico asignado para a zona non está en contradicción co disposto nos acordos e Ordenanzas municipais sobre a materia, respétanse as distancias previstas e non existe actividade municipalizada con monopolio que resulte incompatible.

Vistos, o Decreto 2414/61, de 30 de Novembro, e demais Disposicións concordantes de aplicación.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

1º.- Informar favorablemente a concesión da Licencia Municipal Nº 823/08 instada por Dº MANUEL GONZÁLEZ IGLESIAS, para acondicionamento e apertura de local para dedicalo a servicios financeiros, a situar na Avda. do Parque, nº 1 (Silleda), condicionado a presentación do oficio de dirección técnica das obras antes do inicio das mesmas, asinado por técnico competente e visado polo colexio profesional correspondente.

2º.- Remiti-lo expediente completo á Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible (Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental), para que emita informe previo á concesión da correspondente licencia.

**5.1.6.-** Examinado o expediente promovido por Dª ESTHER BELAY MÉNDEZ, en virtude de instancia nº 728 e 3029 de data 21 de febreiro de 2007 e 13 de xuño de 2008 respectivamente, solicitando Licencia de actividade correspondente a apertura de local para dedicalo a cafetería, a situar na rúa Alfonso Trabazo, nº 16 baixo (Silleda), segundo proxecto do Arquitecto Técnico Dº José Pereiras Sánchez, visado polo Colexio Oficial en data 13 de

febreiro de 2007 e 07 de setembro de 2007, actividade comprendida no Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas y Peligrosas, aprobado polo Decreto 2414/1961, de 30 de Novembro.

**RESULTANDO:** Que o proxecto técnico e demais documentación foron admitidos a trámite.

**RESULTANDO:** Que cumpríndose os trámites de información pública, constando no expediente notificacións persoais, anuncio no Taboleiro de Edictos do Concello, publicación no B.O.P., non existindo alegacións, e incorporando o informe do Asesor Técnico Municipal congruente ca natureza da actividade, de data 23 de xuño de 2008.

**CONSIDERANDO:** Que o proxecto técnico reúne os requisitos esixidos e que a memoria describe, en extensión e detalle, as características da actividade, súa posible repercusión sobre a sanidade ambiental e as medidas correctoras necesarias para garantir a tranquilidade, salubridade e seguridade cidadán e súa adecuación o medio ambiente.

**CONSIDERANDO:** Que no emplazamento proposto é conforme co uso urbanístico asignado para a zona non está en contradición co disposto nos acordos e Ordenanzas municipais sobre a materia, respétanse as distancias previstas e non existe actividade municipalizada con monopolio que resulte incompatible.

Vistos, o Decreto 2414/61, de 30 de Novembro, e demais Disposicións concordantes de aplicación.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

1º.- Informar favorablemente a concesión da Licencia Municipal Nº 728/07 instada por Dª ESTHER BELAY MÉNDEZ, para apertura de local para dedicalo a cafetería, a situar na rúa Alfonso Trabazo, nº 16 baixo (Silleda), condicionado o cumprimento da Lei de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas (Lei 8/1997 e Decreto 35/2000), en concreto no relativo ó espacio libre que ha de existir a ambos lados da porta de acceso ó local.

2º.- Remiti-lo expediente completo á Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible (Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental), para que emita informe previo á concesión da correspondente licencia.

**5.1.7.-** Examinado o expediente promovido por Dº Roberto Sanz Piñeiro, en representación de SILVET PRODUCTOS VETERINARIOS, SOCIEDAD CIVIL, en virtude de instancia nº 2118 de data 29 de abril de 2008, solicitando Licencia de actividade correspondente a apertura de local para dedicalo a comercial de veterinaria, a situar na rúa Venezuela, nº 61 baixo (Silleda), segundo proxecto do Arquitecto Técnico Dª Araceli Fernández Pena, visado polo Colexio Oficial en data 29 de abril de 2008, actividade comprendida no Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas y Peligrosas, aprobado polo Decreto 2414/1961, de 30 de Novembro.

RESULTANDO: Que o proxecto técnico e demais documentación foron admitidos a trámite.

RESULTANDO: Que cumpríndose os trámites de información pública, constando no expediente notificacións persoais, anuncio no Taboleiro de Edictos do Concello, publicación no B.O.P., non existindo alegacións, e incorporando o informe do Asesor Técnico Municipal congruente ca natureza da actividade, de data 10 de xuño de 2008.

CONSIDERANDO: Que o proxecto técnico reúne os requisitos esixidos e que a memoria describe, en extensión e detalle, as características da actividade, súa posible repercusión sobre a sanidade ambiental e as medidas correctoras necesarias para garantir a tranquilidade, salubridade e seguridade cidadán e súa adecuación o medio ambiente.

CONSIDERANDO: Que no emplazamento proposto é conforme co uso urbanístico asignado para a zona non está en contradición co disposto nos acordos e Ordenanzas municipais sobre a materia, respétanse as distancias previstas e non existe actividade municipalizada con monopolio que resulte incompatible.

Vistos, o Decreto 2414/61, de 30 de Novembro, e demais Disposicións concordantes de aplicación.

A Xunta de Goberno Local, coa abstención da Presidenta segundo artigo 76 da Lei de Bases de Réximen Local, por unanimidade, acorda:

1º.- Informar favorablemente a concesión da Licencia Municipal Nº 2118/08 instada por Dº Roberto Sanz Piñeiro, en representación de SILVET PRODUCTOS VETERINARIOS, SOCIEDAD CIVIL, para apertura de local para dedicalo a comercial de veterinaria, a situar na rúa Venezuela, nº 61 baixo (Silleda).

2º.- Remiti-lo expediente completo á Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible (Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental), para que emita informe previo á concesión da correspondente licencia.

**5.1.8.-** Examinado o expediente promovido por Dº JOSÉ CANCELA GARCÍA, en virtude de instancia nº 1664, 751 e 2336, de data 20 de abril de 2007, 12 de febreiro e 12 de maio de 2008 respectivamente, solicitando Licencia de actividade correspondente a ampliación de explotación de gando porcino de cebo, a situar no Coto de Bran, parroquia de Lamela (Silleda), segundo proxecto do Enxeñeiro Técnico Agrícola Dº Ramón Moreira García, visado polo Colexio Oficial en data 18 de abril de 2007 e 07 de febreiro de 2008, actividade comprendida no Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas y Peligrosas, aprobado polo Decreto 2414/1961, de 30 de Novembro.

RESULTANDO: Que o proxecto técnico e demais documentación foron admitidos a trámite.

RESULTANDO: Que cumpríndose os trámites de información pública, constando no expediente notificacións persoais, anuncio no Taboleiro de Edictos do Concello, publicación

no B.O.P., existindo catro alegacións (Rexistro de entrada nº 2880 de 25.06.07; nº 3124 de 09.07.07; nº 3125 de 09.07.07 e nº 3188 de 12.07.07), e incorporando o informe do Asesor Técnico Municipal congruente ca natureza da actividade, de data 23 de xuño de 2008.

CONSIDERANDO: Que o proxecto técnico reúne os requisitos esixidos e que a memoria describe, en extensión e detalle, as características da actividade, sua posible repercusión sobre a sanidade ambiental e as medidas correctoras necesarias para garantir a tranquilidade, salubridade e seguridade cidadán e sua adecuación o medio ambiente.

CONSIDERANDO: Que no emplazamento proposto é conforme co uso urbanístico asignado para a zona non está en contradición co disposto nos acordos e Ordenanzas municipais sobre a materia, respétanse as distancias previstas e non existe actividade municipalizada con monopolo que resulte incompatible.

Vistos, o Decreto 2414/61, de 30 de Novembro, e demais Disposicións concordantes de aplicación.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

1º.- Informar favorablemente a concesión da Licencia Municipal Nº 1664/07 instada por Dº JOSÉ CANCELA GARCÍA, para ampliación de explotación de gando porcino de cebo, a situar no Coto de Bran, parroquia de Lamela (Silleda)

2º.- Remiti-lo expediente completo a Augas de Galicia, posteriormente á Delegación Provincial da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes (Servizo de Urbanismo e Inspección Territorial) para que emitan Informe previo á concesión da correspondente licencia, unha vez obtidas as autorizacións previas solicitaráselle ó promotor o proxecto básico e de execución e o oficio de dirección das obras (asinados por técnico competente e visados polos colexios profesionais correspondentes) e remitir o expediente completo á Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible (Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental).

## **5.2.- Licencias de Obra Maior:**

**5.2.1.-** Examinado o expediente promovido por Dº JULIO LAMELA CASTRO, en virtude de instancia nº 1817 e 2562 de data 29 de febreiro e 26 de maio de 2008 respectivamente, solicitando Licencia para legalización de estrutura e cuberta e rehabilitación interior de vivenda unifamiliar, situada no lugar de Río s/n, parroquia de Xestoso (Silleda), segundo proxecto do Arquitecto Dº José Ramón Romero Riádigos, visado polo Colexio Oficial correspondente en data 13 de marzo de 2008.

Visto o informe do Asesor Técnico Municipal, de data 03 de maio de 2008, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade acorda

1º.- Informar favorablemente a concesión da Licencia Municipal Nº 1817/08 instada por Dº JULIO LAMELA CASTRO, para legalización de estrutura e cuberta e rehabilitación interior de vivenda unifamiliar, situada no lugar de Río s/n, parroquia de Xestoso (Silleda).

2º.- Remiti-lo expediente completo á Delegación Provincial da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes (Servicio de Urbanismo e Inspección Territorial) para que emita Informe de cara á obtención da preceptiva autorización autonómica.

**5.3.-** Visto o escrito presentado por D<sup>a</sup> MARIA DEL CARMEN CASTRO LAGO, Rexistro de Entrada nº 3509, de data 03 de xullo de 2008, solicitando ocupación de 16,00 m2 de vía pública, fronte o local denominado “Café-Bar Lago”, situado na rúa Do Trasdeza, nº 59 (Silleda).

Vistos os informes da Policía Local e Oficina Técnica.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade acorda prestar aprobación a solicitude presentada por D<sup>a</sup> MARIA DEL CARMEN CASTRO LAGO para ocupación de 16 m2 de vía pública, fronte o local denominado “Café-Bar Lago”, situado na rúa Do Trasdeza, nº 59 (Silleda), así como aprobación das taxas correspondentes.

### **ROGOS E PREGUNTAS**

Non houbo intervencións

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Presidente levántase a sesión as once horas e cuarenta minutos, extendéndose a presente acta, do que como Secretaria, dou fe.

A ALCALDESA,

A SECRETARIA,